

# Boletín de Información Cultural de Lugo

**Ó seren festivos o xoves e o venres da semana que vén, este Boletín inclúe actividades ata o domingo 12 de abril. No caso de sabermos dalgunha máis, enviaremos un suplemento con antelación**

---

## MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

### CATAS LITERARIAS

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

As **Catas Literarias** consisten nunha merenda de tapas e viño dunha DO galega, cunha actuación musical, como preludivio á conversa cun autor ou autora que falará especialmente do seu último libro. Celébranse os segundos xoves de mes. Tamén hai **Bocatas Literarias**, para público infantil. Máis información: <http://mihlcatasliterarias.com>

**Próxima cata:** 9 de abril. Tres poetas en Lugo, con Marica Campo, Antonio Colinas e Olga Novo

---

## MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

### EXPOSICIÓN NOSOTROS. Pinturas de Carlos Montero.

**Febreiro e marzo. No horario habitual do MIHL:** martes a sábado de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30; domingos de 17:00 a 20:00

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

## MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

**EXPOSICIÓN: NOSOUTRAS. Exposición colectiva e multidisciplinar.** Mariana Bernardo, Teresa Candal, Mila Carballido, Cuqui Bakes, Ehlaba Carballo de Dios, Loly Felpeto, Isabel Gil, Rebeca López, Irma Marco, María Mata, Orelí Pello, Reme Remedios

**Aberta ata o 4 de maio. No horario habitual do MIHL:** martes a sábado de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30; domingo de 17:00 a 20:00

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

## AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

### EXPOSICIÓN VISIONS DE LUGO 2001-2014. CADROS PREMIADOS NO CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO

Despois da súa estada no MIHL, esta exposición está agora instalada na entrada do Auditorio, onde a poderán ver as persoas que asistan ós espectáculos

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

## AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

Durante o mes de marzo, as persoas que asistan ós espectáculos e actividades no Auditorio poderán ver a Exposición das imaxes participantes e premiadas nos certames de fotografía **Revelando o machismo**

**Organiza:** Concello de Lugo - Concellería de Benestar Social e Igualdade e Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

---

## MUSEO PROVINCIAL

### EXPOSICIÓN ORIXES CREATIVAS. Artistas pensionados pola Deputación de Lugo 1889-1960.

**Aberta ata o 12 de abril. Horario:** de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

**Organiza:** Deputación de Lugo, Vicepresidencia Primeira - Rede Museística Provincial

---

## MUSEO PROVINCIAL

### EXPOSICIÓN OS CAMIÑOS DA BRÉTEMA. Exposición foto-poética de Vicente Ansola e Porta Verde do Sétimo Andar

**Aberta do 14** (inauguración ás 18:00) **ó 31 de marzo. Horario:** de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

**Organiza:** Deputación de Lugo, Vicepresidencia Primeira - Rede Museística Provincial

---

## EXPOSICIÓN: OLLADAS á obra 'A miña familia' de Xulía Minguillón

**Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos. Do 5 de marzo ó 18 de xuño. Horario:** de luns a venres 10:30-14:00 e 16:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

**Sala Multiusos do Museo Provincial. Do 5 de marzo ó 5 de abril. Horario:** de luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

**Organiza:** Deputación de Lugo, Vicepresidencia Primeira - Rede Museística Provincial. + info [www.museolugo.org/](http://www.museolugo.org/)

---

## XI CURSO DE PRIMAVERA – ABERTO PRAZO DE INSCRICIÓNS

**Actividade:** XI CURSO DE PRIMAVERA.USC ([Lugo Cultural](http://Lugo Cultural))

**Título:** IV Centenario da publicación de *EL Ingenioso Caballero Don Quijote de la Mancha* (1615-2015)

**Prazo de inscrición:** ata o 17 de abril, ou ata que se cubran as prazas por rigorosa orde de inscrición

**Información e inscricións:** na Área de Cultura. Campus de Lugo – Vicerreitoría de Coordinación – Praza Pío XII s/n, 2º andar /Teléfono: 982 821 513 / [cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es)

**Taxas:** : Xeral: 10 € / reducida: 5 € (aplicable a: estudantes de calquera Universidade ou en estudos de Formación Profesional ou Bacharelato, persoal de Administración e Servizos e persoal Docente e Investigador da USC, persoas desempregadas e pensionistas)

**Recoñecemento académico:** 1 crédito de libre configuración para todas as titulacións da Universidade de Santiago de Compostela // 1 crédito ECTS para todas as titulacións da Universidade de Santiago de Compostela // Diplomas: expedirase certificado de asistencia e aproveitamento a quen asista, como mínimo, ao 80% das horas lectivas

**Organizan:** Facultade de Humanidades e Área de Cultura da USC. Campus de Lugo

**Patrocina:** Lugo Cultural (Universidade de Santiago, Concellería de Cultura, Xuventude, Turismo e Promoción da Lingua do concello de Lugo, Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo)

---

## FESTIVAL INTERNACIONAL DE LITERATURA E ARTE CON RETRANCA

Do luns día 6 ó domingo 12 de abril desenvolverase o *I Festival Internacional de Literatura e Arte con Retranca*, segundo o programa en PDF que enviamos canda este Boletín

Máis información: [www.FestivaldaRetranca.com](http://www.FestivaldaRetranca.com)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

### ACTIVIDADES EN CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO TEATRO PARECE HABER CAMBIOS; PUNTEAR E SE FAI FALLA SUBSTITUÍR POLO QUE ESTÁ AGORA NO CALENDARIO

Data: Venres 27 de marzo

~~de 9:30 a 10:30: Clase aberta. Grupo de teatro DOWN LUGO / na Casa do Saber~~

~~ás 11:15: Monólogos. Alumnado Espazo artístico 10 teatro e actores e actrices da Aula de Teatro da USC Lugo / na Praza da Soidade~~

~~ás 12:30: Performance: Quen ocupa esta cadeira? Alumnado do Espazo artístico 10 teatro e actores e actrices da Aula de Teatro da USC Lugo / na Praza Maior, soporais do Concello~~

~~de 15:00 a 17:00: Ensaio aberto arredor da obra *O rei Lear* de Shakespeare. Compañía de teatro da USC Lugo / na Casa do Saber~~

~~de 17:30 a 19:00: Clase aberta Grupo de teatro DOWN LUGO / na Casa do Saber~~

~~ás 19:30: Performance Antigona. Os Palimoquiños / na Praza de Santa María~~

~~de 20:00 a 21:30: Performance: Quen ocupa esta cadeira? Alumnado Espazo artístico 10 teatro, Os Palimoquiños e actores e actrices da Aula de Teatro da USC Lugo / No fondo de Praza Maior~~

~~ás 21:00: Teatro na rúa: Gran Oferta Promocional Tik Teatro, Compañía de teatro da Residencia universitaria Bal y Gay / Diante da Casa do Concello~~

*As actividades na Casa do Saber, entrada libre ata completar aforo*

---

### RECITAL POÉTICO

Data: Venres 27 de marzo

Recital de: Isidro Novo, que lerá versos inéditos baixo o lema O lume da palabra. Presentará o acto Miguel Ángel Curiel

Lugar: Librería Gható Negro, Rúa de San Roque 32

Hora: 19:30

---

### PRESENTACIÓN DO LIBRO DE RELATOS PREMIADO NO XVI CERTAME ÁNHEL FOLE

Data: Venres 27 de marzo

Presentación de: *Funambulistas*, de Mercedes Leobalde, libro de relatos premiado no XVI Certame de Narración Curta Ánxel Fole do Concello de Lugo e publicado por Edicións Xerais de Galicia. Coa participación da autora, de Manuel Bragado en representación da editorial, do alcalde de Lugo Xosé López Orozco e da concelleira de Cultura Carmen Basadre

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Lugo (Praza Maior)

Hora: 20:00

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

### CINE NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

Data: Venres 27 de marzo

Película: *Etemia*

Autoría: CoolFilms Galicia, Grupo Taranis e Mandeo Records

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:00

Entrada: Gratuíta por invitación

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

*Conta a lenda que os druídas da Gallaecia, reunidos no Bosque Sagrado, foron masacrados por un equipo de combate romano enviado polo Senado para dominar todas as tribos castrexas. Un deles, o druída de druídas Aius, non acudira á reunión e salvou a vida. Os soldados de Roma inician a busca do druída e o seu discípulo, que habitan nunha aldea canda antigos guerreiros celtas.*

---

### CONTOS NO CLAVI

Data: Venres 27 de marzo

Contador: Lois Pérez / LP: Lírca Parcelaria

Lugar: Club Clavicémbalo

Horas: 24:00

Entradas: No local

---

### ANIMACIÓN Á LECTURA E CONTACONTOS 2015

Data: Sábado 28 de marzo

Actividade: Obradoiro de Babaluva: *Contos con monicreques*

Idade: A partir dos 6 anos

Duración: 90 minutos

Lugar: Museo Interactivo da Historia de Lugo MIHL

Hora: 12:00

Entrada: Gratuíta con invitación. As tarxetas de invitación están dispoñibles na biblioteca desde o luns da semana correspondente á actuación, a partir das 16:30 e por estrita orde de chegada. Máximo de dúas invitación por persoa

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

### TEATRO NO AUDITORIO MUNICIPAL

Data: Sábado 28 de marzo

Obra: *Té con Kant*. Especialmente dirixida a público xuvenil

Compañía: Inversa Teatro

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:30

**Entrada:** 5 euros. Anticipada en [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es), no Centro de Interpretación da Muralla e no Auditorio os venres de 18:00 a 21:00 / Na billeteira do Auditorio desde unha hora antes da función  
**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Convenio Concello de Lugo - Agadic)

---

#### **CONCERTO NO CLAVI**

**Data:** Sábado 28 de marzo  
**Concerto:** Milesios / Folk  
**Lugar:** Club Clavicémbalo  
**Hora:** 24:00  
**Entradas:** No local

---

#### **FORO DE DEBATE: HEMODINÁMICA EN LUGO**

**Data:** Martes 31 de marzo  
**Acto:** Debate aberto ó público, no que catro expertos explicarán por que non se quere implantar o servizo de hemodinámica as 24 horas no HULA  
**Lugar:** Auditorio Municipal Gustavo Freire  
**Hora:** 20:30  
**Entrada:** Libre  
**Organiza:** La Voz de Galicia  
**Colaboran:** Concello de Lugo / Deputación Provincial de Lugo

---

#### **EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO**

**Data:** Xoves 2 de abril  
**Actividade:** Excursión por Santalla de Bóveda e o Camiño Primitivo de Santiago. Templo romano de Bóveda. Ruta do Vello Lugo Agrario. Percorrido polo Camiño Primitivo ata San Román da Retorta / 12 km  
**Lugar de saída:** Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)  
**Hora de saída:** 10:30 / Levar comida e bebida para o xantar. Hai posibilidade de xantar en restaurante  
**Inscripción:** Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión / Máximo, 35 persoas  
**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

#### **CONCERTO NO CLAVI**

**Data:** Venres 3 de abril  
**Concerto:** Comando Katana / Hip hop  
**Lugar:** Club Clavicémbalo  
**Hora:** 24:00  
**Entradas:** No local

---

#### **FESTIVAL SOLIDARIO NO AUDITORIO MUNICIPAL**

**Data** Sábado 4 de Abril  
**Acto:** Espectáculo de maxia e música a beneficio de "Capaces"  
**Lugar:** Auditorio Municipal Gustavo Freire  
**Hora:** 18:00  
**Entradas:** 5 euros (os nenos ata 12 anos non pagan). Venderanse no Auditorio desde 1 hora antes da función, e anticipadamente nas librarías Galicia (Rúa Ourense) e Campus (Ronda das Mercedes)  
**Organiza:** Asociación Capaces Lugo  
**Patrocina:** Concello de Lugo

---

#### **CONCERTO NO CLAVI**

**Data:** Sábado 4 de marzo  
**Concerto:** Gorka Benítez trío / VIII Ciclo Jazz 1906  
**Lugar:** Club Clavicémbalo  
**Hora:** 24:00  
**Entradas:** No local

---

#### **EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / XEOLOXÍA**

**Data:** Domingo 5 de abril  
**Actividade:** Ruta do Paleozoico lucense. Vilafiz-Resemil-Viigo-Bacurín-Pena de Fornos-A Pena-Pena da Culpa-O Caínzo-A Fraga-Monte de Liz-Monte Picato / 13 km  
**Lugar de saída:** Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)  
**Hora de saída:** 10:30 / Hai que levar comida e bebida para o xantar.  
**Inscripción:** Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión / Máximo, 35 persoas  
**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

#### **III CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DO LUGO - MIHL SONS XXI**

**Data:** Martes 7 de abril  
**Hora:** 20:00  
**Lugar:** Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes  
**Conferencia:** A diversificación inevitable: un percorrido guiado polas catro últimas décadas da historia da Música, por Iker Güemes Cabrejas  
**Concerto:** A percusión hoxe, de Diego Ventoso Fernández (percusión)  
**Programa:** Obras en estrea absoluta de Jacobo Gaspar Grandal, Javier M. López Rodríguez e Pablo Beltrán Sobrado  
**Entrada:** Gratuíta, ata completar a capacidade  
**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo  
**Dirección artística e coordinación:** Diego Ventoso Fernández  
**Colaboran:** Conservatorio Profesional de Danza - Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón - USC - Conservatorio Profesional de Música - Vertixe Sonora Ensemble - Fundación TIC - Deputación de Lugo

---

### CONCERTO NO CLAVI

**Data:** Mércores 8 de abril

**Concerto:** Jam session de Jazz And Funk

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** 23:00

**Entradas:** No local

---

### ANIMACIÓN Á LECTURA E CONTACONTOS 2015

**Data:** Xoves 9 de abril

**Actividade:** Contacontos coa Asociación Cultural Lisístrata: *Contando en feminino*

**Idade:** A partir dos 3 anos

**Duración:** 60 minutos

**Lugar:** Biblioteca Municipal de Lugo - Parque da Milagrosa

**Hora:** 18:30

**Entrada:** Gratuíta con invitación. As tarxetas de invitación están dispoñibles na biblioteca desde o luns da semana corespondente á actuación, a partir das 16:30 e por estrita orde de chegada. Máximo de dúas invitación por persoa

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

### CATAS LITERARIAS / TRES POETAS EN LUGO

**Data:** Xoves 9 de abril

**Hora:** 20:00

**Actividade:** Cata Literaria

**Autor e autores invitados:** Marica Campo, Antonio Colinas, Olga Novo...

**Música:** Dúo Clásico composto por Tania Capón González (violín) e Oleg Dzhavelo (clarinete)

**Gastronomía:** Tapas variadas

**Adega:** Palacio de Diomondi

**Lugar:** Museo Interactivo da Historia de Lugo MIHL

**Entradas:** 5 euros. Á venda en: Biblioteca Municipal Parque da Milagrosa, luns a venres, de 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 18:00 / Centro de Interpretación da Muralla, Praza do Campo 11, luns a sábado, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 / Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), luns a sábado, de 16:30 a 19:00 / Nas librarías colaboradoras / E no servidor [entradas.lugo.es](http://entradas.lugo.es)

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

**Colaboran:** Librarías La Voz de la Verdad, El Faro de los Tres Mundos, Trama, Galicia, Aguirre, Balmes, Biblos / Denominación de orixe Ribeira Sacra

**Máis información:** <http://mihlcatasliterarias.com>

---

### CICLO DE CINE CHECO

**Data:** Xoves 9 de abril (por cambio de data: antes estaba programada para o ~~20 de marzo~~)

**Proxección de:** *Kolya*, de Jan Sverák

**Lugar:** Salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo

**Hora:** 20:00

**Entrada:** Gratuíta

**Organiza:** Club Cultural Valle-Inclán, en colaboración co Centro Checo de Madrid

**Máis información:** [www.clubvalleinclan.org](http://www.clubvalleinclan.org)

---

### LUBICÁN 2015 (Lugo Cultural <<http://www.lugocultural.es/>> )

**Data:** xoves 9 de abril

**Concerto:** Guadi Galego presenta *Lúas de outubro e agosto*

**Lugar:** Casa do Saber

**Hora:** 20.30

**Entrada:** Gratuíta ata completar a capacidade

**Organiza:** Área de Cultura da USC. Campus de Lugo

**Patrocina:** Lugo Cultural (Universidade de Santiago, Concellería de Cultura, Xuventude, Turismo e Promoción da Lingua do concello de Lugo, Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo)

---

### TEATRO NO CLAVI

**Data:** Xoves 9 de abril

**Teatro:** Microefectos Dramatúrxicos / Microteatro

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** Dúas funcións, ás 20:30 e ás 22:30

**Entradas:** No local

---

### CONCERTO DA FILARMÓNICA

**Data:** Venres 10 de abril

**Concerto:** Attacca Quartett. Amy Schroeder (violín), Keiko Tokunaga (violin), Luke Fleming (viola) e Andrew Yee (violonchelo)

**Programa:** F.J. Haydn - Cuarteto nº 55 en Re Maior Op. 71 nº2 / John Adams - Selections from *John's Book of Alleged Dances* - Finale from *String Quartet* / L. v. Beethoven - Cuarteto nº 12 en Mi b maior, Op. 127

**Lugar:** Círculo das Artes

**Hora:** 20:30

**Organiza:** Sociedade Filarmónica de Lugo

**Máis información:** [www.filarmonicadelugo.com/](http://www.filarmonicadelugo.com/)

---

### FESTIVAL DONAS DO MUNDO. AUDITORIO MUNICIPAL

**Data:** Venres 10 de abril

**Acto:** Concerto de Aurora & The Betrayers

**Lugar:** Auditorio Municipal Gustavo Freire

**Hora:** 21:00

**Entrada:** 3 euros. Anticipada en [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es), no Centro de Interpretación da Muralla e no Auditorio os venres de 18:00 a 21:00 / Na billeteira do Auditorio desde unha hora antes da función

**Organiza:** Concello de Lugo

---

### **TEATRO E CONCERTO NO CLAVI**

**Data:** Venres 10 de abril

**Teatro:** Microefectos Dramatúrxicos

**Concerto:** Moisés Sánchez trío / VIII Ciclo Jazz 1906

**Lugar:** Club Clavicémbalo

**Hora:** Teatro, ás 20:30 / Concerto, ás 24:00

**Entradas:** No local

---

### **EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA**

**Data:** Domingo 12 de abril

**Actividade:** Ruta dos costumes / Lugo-Ombreiro / 14 km (faise todo o traxecto a pé, sen autobús)

**Lugar de saída:** Ronda da Muralla, xunta a porta do Bispo Aguirre (zona peonil)

**Hora de saída:** 10:30 / Levar comida e bebida para o xantar. Hai posibilidade de xantar en restaurante

**Inscrición:** Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión / Máximo, 35 persoas

**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

---

